



Víctor Durán Cabanelas
(Bueu, 1989)



**XUNTA
DE GALICIA**

Un oficio que ten que gustar

Con tan só dezaseis anos foi probar á empresa do pai dun amigo que se dedicaba á cachotería. Así comezou Víctor a construír o seu futuro nunha profesión que o levaría a completar os cinco anos de estudos na Escola de Cantería de Poio para unha mellor preparación.

Na catedral de Santiago de Compostela estivo dous anos e medio traballando. «Cheguei alí por casualidade e ao principio estiven na fachada do Obradoiro», explica lembrando que unha das tarefas máis complicadas foi desmontar unha das esculturas na marxe dereita, de tres metros de alto, da praza compostelá por excelencia. Despois dunha paréntese de varios meses en Euskadi, volveu para seguir no ciborio, na torre Berenguela, nas cubertas...

Agora está a traballar en Granitos Álvarez, empresa establecida en Tomiño onde ademais de barricas en pedra para o viño –que se exportan a distintos países- reciben encargos para pezas ornamentais.

«Traballar na catedral de Santiago de Compostela foi algo fermoso. Ademais de coñecer moita xente sempre deixas pegada nun sitio moi especial». Na súa casa repousa a primeira obra que fixo como canteiro: unha buguina, coma as do mar de Bueu, onde naceu.

«Isto é o que máis me gusta. Á mocidade pode que lle custe decantarse por este oficio, que é duro, pero ten que gustar».











A herdanza dos mestres. Detrás da restauración da catedral de Compostela

Traballo realizado por Miguel Souto Alonso

Este proxecto fotográfico realizouse ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia

